

HAC/3626/2003, do 23 de decembro, polos que se recollen no anexo XI da presente orde.

Disposición derradeira décimo segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e será aplicable por primeira vez ás declaracións que se presenten a partir do 1 de xaneiro de 2008 en relación coa información correspondente ao ano 2007, agás o establecido na disposición derradeira décima, que será aplicable o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 11 de outubro de 2007.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

(Nota: os anexos a que alude esta orde poden consultarse, en castelán, no BOE núm. 250, do 18 de outubro de 2007.)

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**18193** *ORDE ITC/3022/2007, do 10 de outubro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado sobre os contadores de enerxía eléctrica, estáticos combinados, activa, clases A, B e C e reactiva, clases 2 e 3, que se instalarán en subministracións de enerxía eléctrica ata unha potencia de 15 kw de activa que incorporan dispositivos de discriminación horaria e telexestión, nas fases de avaliación da conformidade, verificación despois de reparación ou modificación e de verificación periódica. («BOE» 250, do 18-10-2007.)*

A Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, establece o réxime xurídico da actividade metrolóxica en España, réxime a que se deben someter en defensa da seguranza, da protección da saúde e dos intereses económicos dos consumidores e usuarios, os instrumentos de medida, nas condicións que regulamentariamente se determinen. Esta lei foi desenvolvida posteriormente por diversas normas de contido metrolóxico, entre as cales se encontra o Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

Este real decreto incorporou ao dereito español a Directiva 2004/22/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, relativa aos instrumentos de medida, ao mesmo tempo que adapta as fases de control metrolóxico referidas á aprobación de modelo e verificación primitiva, nos instrumentos sometidos a regulamentación específica nacional, ao sistema de avaliación da conformidade que se regula na directiva citada, abordando, ademais, o desenvolvemento das fases de control metrolóxico correspondentes á verificación periódica e despois de reparación, fases que non se regulan na normativa comunitaria.

A disposición adicional segunda do Real decreto 809/2006, do 30 de xuño, polo que se revisa a tarifa eléctrica a partir do 1 de xullo de 2006, establece a obrigatoriedade de que os equipamentos de medida que se instalen para novas subministracións de enerxía eléctrica para

unha potencia contratada de ata 15 kW e os que se substitúan para novas subministracións deberán permitir a discriminación horaria das medidas así como a telexestión nos termos e condicións técnicas que estableza o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Por outra parte, débese considerar o establecido no Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica, modificado posteriormente polos reais decretos 385/2002, do 26 de abril, e 1433/2002, do 27 de decembro.

O Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, sinala no seu preámbulo que o enorme fluxo de información que supón o rexistro de todas as medidas aconsella adoptar unha estrutura de comunicacións descentralizada e que, para iso, o Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica prevé a posibilidade para os suxeitos do sistema eléctrico de instalar de forma voluntaria os chamados «concentradores secundarios», que constitúen equipamentos informáticos que recollen as medidas dos contadores dunha área e as transmiten ao concentrador principal (do operador do sistema), exixíndoselles a estes equipamentos determinadas garantías de integridade e seguranza nas comunicacións para permitir o adecuado funcionamento do conxunto.

O Real decreto 2018/1997, no seu artigo 17, determina que o operador do sistema definirá e actualizará os medios e protocolos na rede troncal de comunicacións, cuxas características se establecerán nas especificacións técnicas do concentrador principal, engadíndose que na elección destes medios e protocolos se terá en conta o estado da tecnoloxía, a súa evolución e as opinións e intereses dos participantes das medidas. Tamén se dispón que o protocolo utilizado na rede de acceso sexa único e estándar e que o protocolo utilizado para a lectura local sexa único e estándar.

O Real decreto 385/2002, do 26 de abril, xustifica, no seu preámbulo, a modificación do establecido no Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, polo feito de que se avanza notablemente no proceso de liberalización do mercado eléctrico, o que leva a que se incrementase considerablemente o número de consumidores. Despois dise que, se se ten en conta que os consumos que realizan son moito menores, se fai preciso modificar os requisitos que se fixan aos equipamentos de medida, adaptándoos ás súas necesidades e características concretas. Finalmente arguméntase que, se a isto se une que o gran número de consumidores podería colapsar os procedementos inicialmente establecidos para un número pequeno de usuarios de gran consumo, se fai necesaria a modificación do Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro.

Ademais, a Directiva europea 2006/32/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril de 2006, sobre a eficiencia do uso final da enerxía e os servizos enerxéticos e pola que se derroga a Directiva 93/76/CEE do Consello (DOUE L 111, do 27 de abril de 2006), no seu artigo 13, establece a obriga dos Estados membros de velar por que, sempre que sexa tecnicamente posible, financeiramente razoable e proporcionado en relación co aforro de enerxía potencial, os clientes finais de electricidade, gas natural, calefacción urbana e/ou refrixeración e auga quente sanitaria reciban contadores individuais a un prezo competitivo, que reflectan exactamente o consumo real de enerxía do cliente final e que proporcionen información sobre o tempo real de uso.

No estado actual da tecnoloxía estes instrumentos permiten medir tanto a enerxía eléctrica activa como a reactiva e a súa instalación xeneralizada permite a mellor xestión da rede de distribución así como a optimización horaria dos consumos.

De acordo con todo isto, ao abeiro da disposición derradeira segunda do Real decreto 889/2006, do 30 de xuño, en virtude da cal o ministro de Industria, Turismo e Comercio pode ditar cantas disposicións sexan necesarias para a súa aplicación e desenvolvemento, dítase esta orde, que ten por obxecto regular o control metrolóxico do Estado sobre os contadores de enerxía eléctrica, estáticos combinados, activa, clases A, B e C e reactiva, clases 2 e 3, que se instalarán en subministracións de enerxía eléctrica ata unha potencia de 15 kW de activa que incorporan dispositivos de discriminación horaria e telexestión, nas súas fases de avaliación da conformidade e nas de verificación despois de reparación ou modificación e de verificación periódica.

Para a elaboración da orde foron consultadas as comunidades autónomas e realízouse o preceptivo trámite de audiencia aos interesados. Así mesmo, emitiu informe favorable o Consello Superior de Metroloxía.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora ambas as directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, dispoño:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Constitúe o obxecto desta orde a regulación do control metrolóxico do Estado sobre os contadores de enerxía eléctrica, estáticos combinados, activa, clases A, B e C e reactiva, clases 2 e 3, que se instalarán en subministracións de enerxía eléctrica ata unha potencia de 15 kW de activa que incorporan dispositivos de discriminación horaria e telexestión, nas súas fases de avaliación da conformidade e nas de verificación despois de reparación ou modificación e de verificación periódica.

2. A regulación dos requisitos e condicións técnicas a que se refire a disposición adicional segunda do Real decreto 809/2006, do 30 de xuño, polo que se revisa a tarifa eléctrica a partir do 1 de xullo de 2006, realizarase en disposición específica.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta orde:

1. Un contador de enerxía eléctrica é un dispositivo que mide simultánea e separadamente tanto a enerxía eléctrica activa como a enerxía eléctrica reactiva que se consume nun circuíto.

2. Denomínase sistema de discriminación horaria o dispositivo ou dispositivos que permiten rexistrar os consumos en distintos períodos en función da hora e data do consumo.

3. Denomínase sistema de telexestión un sistema de medida e comunicación bidireccional entre os contadores e subministradores eléctricos que, coas máximas garantías de integridade e seguranza, permite o acceso remoto aos contadores de enerxía eléctrica, con dispoñibilidade de lectura, xestión da enerxía, control da potencia demandada e contratada, xestión da conexión/desconexión de subministracións e mecanismos antifraude avanzados, posibilitando o intercambio de información e actuacións entre os sistemas das empresas distribuidoras eléctricas e contadores.

4. Agás cando, por razóns de deseño, queden tecnicamente integrados e sen posibilidades de separación cos elementos propios da medida ou cos dos sistemas de discriminación horaria e telexestión, os dispositivos tales como os interruptores de control de potencia ou outros similares que poidan ser accionados polo sistema de telexestión poderanse excluír da avaliación da conformidade e das verificacións de carácter metrolóxico aínda que estean situados na mesma caixa ou contedor.

#### Artigo 3. *Fases de control metrolóxico.*

1. O control metrolóxico do Estado establecido nesta orde é o que se regula nos capítulos II e III do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida que se refiren, respectivamente, ás fases de comercialización e posta en servizo e á de instrumentos en servizo, dos dispositivos de medida denominados contadores eléctricos comprendidos no artigo 1 desta orde.

2. O control regulado no capítulo II levarase a cabo de conformidade cos procedementos de avaliación da conformidade que se determinan no artigo 5 desta orde.

3. Os controis dos instrumentos que xa están en servizo comprenderán tanto a verificación despois de reparación ou modificación, como a verificación periódica e a vixilancia e inspección daqueles.

## CAPÍTULO II

### Fase de comercialización e posta en servizo

#### Artigo 4. *Requisitos esenciais, metrolóxicos e técnicos.*

1. Os requisitos para a medida de enerxía eléctrica activa exixibles aos contadores eléctricos a que se refire esta orde son os que se determinan na alínea A do anexo I.

2. Os requisitos para a medida de enerxía eléctrica reactiva exixibles aos contadores eléctricos a que se refire esta orde son os que se determinan na alínea B do anexo I.

3. Os requisitos asociados coa discriminación horaria e os da medida de tempo son os que se determinan na alínea C do anexo I.

4. Os requisitos técnicos e as especificacións funcionais asociados aos sistemas de telexestión son os que se determinan no anexo II.

#### Artigo 5. *Módulos para a avaliación da conformidade e recoñecemento mutuo.*

1. Os módulos que se utilizarán para levar a cabo os procedementos de avaliación da conformidade dos instrumentos a que se refire o artigo 1.1 desta orde, entre os que o fabricante pode optar, de entre os que se regulan no artigo 6.2 e anexo III do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, son: B+F ou B+D ou H1.

2. Presuponse a conformidade cos requisitos metrolóxicos e técnicos establecidos nesta orde daqueles contadores eléctricos para a medida de enerxía eléctrica activa e reactiva que incorporen discriminación horaria e sistema de telexestión, procedentes de calquera Estado membro da Unión Europea, un Estado integrante da Asociación Europea de Libre Comercio que sexa parte contratante do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou de Turquía, sempre que, segundo un certificado ou documento análogo expedido por un organismo competente de acordo coa normativa dos ditos Estados, cumpran coas normas técnicas, normas ou procedementos legalmente establecidos neles, e os niveis de exactitude, seguranza, adecuación e idoneidade exixidos sexan equivalentes aos requiridos nas normas aplicables en España.

3. A Administración pública competente poderá solicitar a documentación necesaria para determinar a equivalencia mencionada no parágrafo anterior. Cando se comprobe o incumprimento dos requisitos, a Administración pública competente poderá impedir a comercialización e posta en servizo dos contadores.

### CAPÍTULO III

#### Verificación despois de reparación ou modificación

##### Artigo 6. *Definición.*

Enténdese por verificación despois de reparación ou modificación, de acordo co disposto na alínea z) do artigo 2 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, o conxunto de exames administrativos, visuais e técnicos que poden ser realizados nun laboratorio ou no lugar de uso, que teñen por obxecto comprobar e confirmar que os contadores eléctricos regulados por esta orde en servizo manteñen, despois dunha reparación ou modificación que requira rotura de precintos, as características metrolóxicas que lle sexan de aplicación, en especial no que se refire aos erros máximos permitidos, así como que funcionen conforme o seu deseño e sexan conformes coa súa regulamentación específica.

##### Artigo 7. *Suxeitos obrigados e solicitudes.*

1. O propietario do contador deberalle comunicar á Administración pública competente a súa reparación ou modificación, indicando o seu obxecto e especificando os elementos substituídos, se é o caso, e os axustes e controis efectuados. Antes da súa posta en servizo, deberá solicitar a súa verificación.

2. A reparación ou modificación deberá ser realizada por reparador autorizado e inscrito no Rexistro de Control Metrolóxico a que se refire o capítulo V do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, que deberá cumprir os requisitos establecidos no anexo V desta orde.

3. A solicitude de verificación presentarse acompañada do boletín de identificación establecido no anexo III desta orde.

4. Unha vez presentada a solicitude de verificación despois de reparación ou modificación dun contador, a Administración pública competente disporá dun prazo máximo de trinta días para proceder á súa execución.

5. O distribuidor ou o consumidor, cando este último sexa o propietario do contador, estarán obrigados a facilitar todas as actuacións, operacións e xestións necesarias para levar a cabo a verificación despois de reparación ou modificación. No suposto de que o propietario do contador fose o consumidor, poderá delegar no distribuidor, nos casos en que sexa aceptado por este, a realización das actuacións relativas á verificación regulada neste capítulo. Para tal efecto deberá asinar no recadro correspondente do boletín de identificación. Esta delegación en ningún caso suporá a inhibición por parte do consumidor da responsabilidade da verificación como propietario do contador.

6. Para os efectos das responsabilidades derivadas das actuacións, operacións e xestións necesarias para levar a cabo esta verificación seguirase o determinado no capítulo I do título VI do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica. En todo caso os custos derivados das actuacións, operacións e xestións serán por conta do propietario.

##### Artigo 8. *Ensaio e execución.*

1. Os ensaios que se realizarán na verificación despois de reparación ou modificación serán os de exactitude e de aptitude establecidos e definidos no punto 4.1 do anexo IV desta orde. Estes ensaios e comprobacións serán executados polos servizos das administracións públicas competentes ou polos organismos designados por estas de acordo co disposto no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

2. Ademais dos ensaios mencionados, o contador deberá superar tamén un exame administrativo, consistente na identificación completa do contador e a comprobación de que este reúne os requisitos exixidos no seu día para a súa posta en servizo. Este exame será realizado tomando como base a información dada polo solicitante no boletín de identificación establecido no anexo III desta orde.

##### Artigo 9. *Erros máximos permitidos.*

Os erros máximos permitidos na verificación despois de reparación ou modificación serán os que se establecen no punto 4.2 do anexo IV desta orde.

##### Artigo 10. *Conformidade.*

1. Superada a fase de verificación despois de reparación ou modificación, farase constar a conformidade do contador para efectuar a súa función, mediante a adhesión dunha etiqueta nun lugar visible do instrumento verificado, que deberá reunir as características e requisitos que se establecen no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, especificando nela o tipo de instrumento de que se trate. Emitirase, así mesmo, o correspondente certificado de verificación e o verificador procederá a reprecintar o instrumento.

2. A verificación despois de reparación ou modificación terá efectos de verificación periódica respecto ao cómputo do prazo para a súa solicitude. Se un contador é sometido á verificación despois de reparación ou modificación nos primeiros cinco anos desde a súa posta en servizo, esta verificación terá a validez da periódica, iniciándose a partir dese momento o cómputo do prazo de cinco anos de validez desta.

##### Artigo 11. *Non superación da verificación.*

Cando un contador non supere a verificación despois de reparación ou modificación como consecuencia de deficiencias detectadas no seu exame administrativo ou nas súas características metrolóxicas, deberá ser posto fóra de servizo ata que se emenden estas deficiencias. Colocarase a etiqueta de inhabilitación para o servizo establecida no punto 14 do anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo. Establécese un prazo máximo de tres meses para emendar estas deficiencias. Se transcorrido o prazo indicado estas non fosen emendadas, procederase, nun prazo máximo de sete días, á retirada definitiva do contador.

### CAPÍTULO IV

#### Verificación periódica

##### Artigo 12. *Definición.*

Enténdese por verificación periódica, de acordo co disposto na alínea aa) do artigo 2 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, o conxunto de exames administrativos, visuais e técnicos que poden ser realizados nun

laboratorio ou no lugar de uso, que teñen por obxecto comprobar e confirmar que os contadores eléctricos, a que se refire esta orde, en servizo, manteñen desde a súa última verificación as características metrolóxicas que lles sexan de aplicación, en especial no que se refire aos erros máximos permitidos, así como que funcionen conforme o seu deseño e sexan conformes coa súa regulamentación específica.

#### Artigo 13. *Suxeitos obrigados e solicitudes.*

1. Os propietarios de contadores a que se refire o artigo 1 desta orde estarán obrigados a solicitar a verificación periódica dos que se encontren instalados na rede e que sirvan de base para a facturación do consumo de enerxía eléctrica.

2. A solicitude da verificación periódica deberá ser presentada, polo suxeito obrigado ante a Administración pública competente en cuxo territorio se encontre instalado o contador, cunha antelación mínima de seis meses respecto da data de caducidade da anterior verificación, xunto co boletín de identificación establecido no anexo III desta orde.

3. Cando o propietario do contador sexa o consumidor, poderá optar por delegar a solicitude da verificación periódica así como as actuacións, operacións e xestións relativas a esta verificación, no distribuidor, cando así o acepte este distribuidor, debendo cubrir para tal efecto a autorización de xestión que figura no boletín de identificación previsto no anexo III desta orde. No caso de que esta delegación non se leve a efecto, seranlle de aplicación as pautas que ao respecto estableza a Administración pública competente do seu ámbito territorial.

4. No caso de que a verificación periódica se realice por mostraxe de lotes, non se admitirán lotes con contadores instalados en distintas comunidades autónomas. Poderanse establecer acordos entre unha comunidade autónoma e unha empresa distribuidora de maneira que se permita a asunción dos resultados obtidos no control metrolóxico realizado noutra comunidade autónoma onde estea implantada esta distribuidora.

5. Deberase solicitar a primeira verificación periódica dos contadores instalados no prazo de seis meses antes de que finalice o período de dez anos desde a data de declaración de conformidade.

6. A Administración pública competente poderá establecer verificacións periódicas antes de expirar o prazo de validez establecido, sempre que exista xustificación de índole técnica avalada polos correspondentes estudos debidamente contrastados.

7. O prazo de validez da verificación periódica efectuada será de cinco anos.

8. Para os efectos das responsabilidades derivadas das actuacións, operacións e xestións necesarias para levar a cabo esta verificación seguirase o determinado no capítulo I do título VI do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro. En todo caso, os custos derivados das actuacións, operacións e xestións serán por conta do propietario.

#### Artigo 14. *Verificación por mostraxe.*

1. Os suxeitos obrigados poderán optar por realizar a verificación periódica da totalidade dos contadores da súa propiedade de conformidade cos ensaios realizados con carácter individual, ou ben realizar a verificación periódica na modalidade de mostraxe por lotes, segundo o establecido no anexo IV desta orde.

2. No suposto en que se opte pola verificación por mostraxe, os distribuidores elaborarán os correspondentes lotes dos instalados na súa rede, tomando en consideración os criterios de homoxeneidade que se establecen

no punto 1.1 do anexo IV desta orde, con independencia de que estes sexan ou non da súa propiedade. Os lotes de contadores a verificar, que se conformarán separadamente atendendo á súa propiedade, deberán ser postos á disposición das administracións públicas competentes nos prazos e forma que estas determinen.

3. As administracións públicas, á vista dos lotes elaborados, informarán os consumidores que sexan propietarios de contadores eléctricos incluídos en tales lotes sobre os seus dereitos e obrigas derivados da aplicación desta orde.

#### Artículo 15. *Intervencións arbitrarias da Administración pública competente.*

1. No suposto de que non exista a delegación por parte do consumidor que sexa propietario do contador, prevista no artigo 13.3 desta orde, ou cando non sexa aceptada tal delegación polo distribuidor, a Administración pública competente establecerá o oportuno protocolo de actuación mediante o cal se asegure o cumprimento dos seguintes obxectivos:

a) Pór en coñecemento dos propietarios dos contadores as súas obrigas en relación coa verificación periódica.

b) Informar acerca da obriga que ten o propietario de pór á disposición da Administración pública competente o seu contador sometido a control.

c) Determinar os prazos que para iso se establezan.

d) Obter toda aquela información necesaria que permita a realización da verificación na modalidade unitaria, ou ben, por mostraxe de lotes, para, neste último caso, poder configuralos.

Así mesmo, informarase o consumidor, como propietario, e o distribuidor, como responsable do servizo, de todas as actuacións que se leven a cabo sobre o contador en cuestión, verificado de forma individual ou por mostraxe de lotes, co obxecto de que non se produza unha innecesaria interrupción da subministración eléctrica, nin que se vexan afectados os dereitos de ambos.

2. No caso de que os contadores estáticos sometidos ao control metrolóxico de verificación periódica se encontren instalados en lugares non conformes coa normativa, se presente unha manifesta inaccesibilidade, falta de seguranza ou outras situacións que dificulten ou impidan as actuacións que se van realizar, non se actuará sobre eles ata que esta situación non sexa emendada polo propietario responsable da instalación. Esta situación deberá ser posta en coñecemento da Administración pública competente, que deberá establecer un procedemento de actuación que se aplicará nestes casos.

3. En relación co determinado nos puntos 1 e 2 deste artigo, as responsabilidades quedarán determinadas polo que se establece nos artigos 93 e 94 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, ou regulación que o substitúa.

4. No caso de que a verificación periódica se realice por mostraxe de lotes, as administracións públicas competentes poderán determinar un número mínimo de contadores para a súa constitución, unificando os lotes configurados atendendo aos parámetros de homoxeneidade establecidos no punto 1.1 do anexo IV desta orde, de forma que se facilite a constitución de lotes de suficiente tamaño no caso daqueles distribuidores que teñan un baixo nivel de implantación no ámbito territorial dunha determinada comunidade autónoma, ou cando exista outra razón xustificada.

#### Artigo 16. *Ensaio e execución.*

1. Os ensaios e comprobacións especificados no anexo IV desta orde, que se realizarán na verificación periódica, serán executados polos servizos das administracións públicas competentes ou polos organismos autorizados por estas de acordo co disposto no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, que deberán ser independentes e sen intereses económicos no sector.

Ademais dos ensaios mencionados, o contador deberá superar tamén un exame administrativo, consistente na identificación completa do instrumento e a comprobación de que este reúne os requisitos exixidos para estar legalmente en servizo. Este exame será realizado tomando como base a información achegada polo solicitante no boletín de identificación que figura no anexo III desta orde.

2. No caso de que a verificación periódica se realice por mostraxe de lotes, toda a mostra correspondente a un mesmo lote debe ser ensaiada por un só organismo de entre os autorizados pola Administración pública competente.

3. A Administración pública competente elixirá os contadores do lote que constituirán a mostra que se vai ensaiar, e poderá, se é o caso, determinar o establecemento dun único punto de recepción das mostras correspondentes aos lotes que se van ensaiar.

#### Artigo 17. *Erros máximos permitidos.*

Os erros máximos permitidos na verificación periódica serán os que se establecen no punto 2.2.2 do anexo IV desta orde, tanto se se refire á aplicación do control con carácter unitario como á súa aplicación por mostraxe de lotes.

#### Artigo 18. *Conformidade.*

Unha vez superada a fase de verificación periódica, a Administración pública competente, ou o organismo de verificación metrolóxica autorizado, declarará a conformidade do contador para efectuar as medicións propias da súa finalidade, mediante un certificado unitario ou referido a todo o lote, que acreditará a verificación efectuada, con todos os datos identificativos, establecidos no anexo III desta orde, colocando a etiqueta de verificación establecida no punto 9 do anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

#### Artigo 19. *Non superación da verificación.*

1. Cando un contador verificado de forma individual, ou por mostraxe de lotes, non supere a verificación periódica como consecuencia de deficiencias detectadas no seu funcionamento por non cumprir co establecido no punto 2.2.2 do anexo IV desta orde, aplicaráselle o determinado nel. Colocarase a etiqueta de inhabilitación para o servizo establecida no punto 14 do anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

2. Cando un contador, propiedade dun consumidor, se encontre incluído dentro dun lote sometido ao control de verificación periódica por mostraxe e a mostra representativa do lote sexa rexeitada procedendo a súa retirada, poderá seguir instalado e en funcionamento durante un período de cinco anos máis se o seu propietario xustifica ante a empresa distribuidora que o contador ao cal se lle aplica por extensión os resultados da mostra superou os ensaios, comprobacións e verificacións establecidos no punto 2.2.1 do anexo IV desta orde, realizados nun laboratorio autorizado pola Administración pública competente. Os custos imputables derivados dos ensaios e as

actuacións de retirada, substitución, etc. serán por conta do propietario do contador.

3. O consumidor, que sexa propietario dun contador que deba ser retirado e que non xustificase a superación dos ensaios a que se refire o punto 2 deste artigo, deberá asumir o custo de instalación dun novo ou ben solicitarlle ao distribuidor a instalación dun contador en réxime de alugamento.

#### Artigo 20. *Verificación no lugar de instalación.*

A verificación periódica pódese realizar, cando medie acordo entre o propietario do contador e a Administración pública competente, no lugar de instalación do contador, ben ensaiando aos valores de intensidade de corrente eléctrica e de factor de potencia indicados no punto 2.2.1 do anexo IV desta orde, ou ben mediante unha verificación con contador comprobante. Neste último caso, o procedemento débese basear na conexión serie dun equipamento cunha clase de precisión, polo menos catro veces mellor con rastrexabilidade a patróns nacionais e que permaneza instalado, medindo consumos, durante un tempo suficiente, que será determinado pola Administración pública competente, co obxecto de poder determinar con precisión os erros do contador.

#### Disposición transitoria primeira. *Certificacións parciais da avaliación da conformidade.*

Ata o 31 de decembro de 2011 poderanse emitir certificados parciais de avaliación da conformidade sobre os subsistemas correspondentes á medida de enerxía reactiva e á discriminación horaria.

#### Disposición transitoria segunda. *Instrumentos en servizo.*

1. Os instrumentos con capacidade de telemedida e/ou telexestión que se encontren en servizo no momento da entrada en vigor desta orde poderán seguir sendo utilizados ata o 31 de xullo de 2017.

2. Os instrumentos con capacidade de telemedida e/ou telexestión, que dispoñan de autorización de uso para a súa instalación na rede, ao abeiro dos reais decretos 2018/1997, do 26 de decembro, 385/2002, do 26 de abril e 1433/2002, do 27 de decembro, poderán seguir instalándose ata o día 30 de xuño de 2008 e poderanse utilizar durante un período de dez anos desde a súa posta en servizo.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.12.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación de pesos e medidas.

#### Disposición derradeira segunda. *Normativa aplicable.*

No non particularmente previsto nesta orde e no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, os procedementos administrativos a que dean lugar as actuacións reguladas nesta orde rexeranse polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na

lexislación específica das administracións públicas competentes.

Disposición derradeira terceira. *Autorización para a modificación do contido técnico da orde.*

Autorízase o secretario xeral de Industria para introducir nos anexos desta orde, mediante resolución e logo de informe do Consello Superior de Metroloxía, cantas modificacións de carácter técnico sexan precisas para manter adaptado o seu contido ás innovacións técnicas que se produzan.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 10 de outubro de 2007.–O ministro de Industria, Turismo e Comercio, Joan Clos i Matheu.

## ANEXO I

### a) Enerxía activa

#### 1. Requisitos esenciais comúns.

Os requisitos esenciais comúns que deben cumprir os contadores encóntranse definidos no anexo IV do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

#### 2. Requisitos esenciais específicos.

Os contadores deben cumprir os requisitos esenciais específicos establecidos no anexo VII do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

### b) Enerxía reactiva

#### 1. Requisitos xerais.

Os requisitos xerais que deben cumprir os contadores eléctricos para a medida da enerxía reactiva son os mesmos que os establecidos regulamentariamente para os contadores para a medida de enerxía eléctrica activa.

#### 2. Requisitos metrolóxicos e técnicos específicos.

Os contadores deben cumprir os requisitos metrolóxicos establecidos no punto 8 da Norma UNE EN 62053-23.

### c) Discriminación horaria

#### 1. Requisitos asociados á discriminación horaria.

Os requisitos relativos á discriminación horaria, asociados aos contadores eléctricos para a medida de enerxía eléctrica, son os seguintes:

Xestión de, polo menos, seis períodos de discriminación horaria.

Cada un dos períodos deberán ser configurables, segundo calendario.

Para cada período tarifario almacenarase enerxía activa consumida, enerxía reactiva no cuadrante 1 e, opcionalmente, no cuadrante 4, máximo de potencia e a data e hora do máximo.

O equipamento deberá dispor de capacidade de rexistro das curvas horarias de enerxía activa e reactiva, a nivel horario, cun tempo mínimo de tres meses. Expressaranse as unidades da seguinte forma: kWh para valores acumulados e cerramentos e Wh para o rexistro das curvas horarias de enerxía activa; no caso da enerxía reactiva: en kvarh e varh, respectivamente.

Estableceranse, polo menos, tres tipos de cerramentos, os cerramentos poderanse elixir facultativamente e poderán coexistir varios deles:

Manual mediante un pulsador precintable.

Diferido mediante parametrización dunha data/hora futura. Tipicamente e por defecto, o día primeiro de mes ás 0.00 horas.

Instantáneo por comunicacións en modo local ou remoto.

O equipamento deberá almacenar, polo menos, tres cerramentos en memoria circular.

O equipamento disporá de, polo menos, dous tipos de rexistro de eventos:

–eventos cun nivel de ocorrencia previsiblemente baixo (entre outros, variacións de tensión, cortes, cambio de parámetros e alarmas).

–eventos cun nivel de ocorrencia maior (entre outros, acceso por comunicacións remotas e cambio de tarifa).

En ausencia de tensión, o equipamento conservará a información almacenada durante, polo menos, dous anos.

#### 2. Requisitos metrolóxicos e técnicos asociados á discriminación horaria.

Establécense os seguintes requisitos metrolóxicos asociados ao reloxo:

Defínense dous posibles modos de funcionamento do reloxo: mediante sincronización á frecuencia de rede ou mediante oscilador de cuarzo.

O reloxo do contador co obxecto de discriminación horaria cumprirá os requisitos establecidos na Norma UNE EN 62054-21. Deberase manter a data e a hora cunha deriva inferior a 0,5 s/día. A medida de tempo será rastrexable ao patrón nacional de tempo.

O contador deberá garantir unha reserva de marcha de, polo menos, tres días.

Xeración de eventos por desviacións de reloxo.

A Administración pública competente poderá realizar auditorías do reloxo do sistema.

## ANEXO II

### Sistema de telexestión

Constitúe o obxecto deste anexo establecer os requisitos relativos á telexestión dos contadores eléctricos para a medida de enerxía eléctrica.

#### 1. Definicións de termos.

1.1 Sistema de telexestión.–Denomínase sistema de telexestión un sistema de medida e comunicación bidireccional entre os contadores e as distribuidoras eléctricas, que, coas máximas garantías de integridade e seguranza, permite acceso remoto aos contadores de enerxía eléctrica, con dispoñibilidade de lectura, xestión da enerxía, control da potencia demandada e contratada e xestión da conexión/desconexión de subministracións e mecanismos antifraude avanzados, posibilitando o intercambio de información e actuacións entre os sistemas das empresas distribuidoras eléctricas e contadores.

1.2 Contadores estáticos de enerxía eléctrica con comunicacións incorporadas.–Contador que, ademais de medir e rexistrar con fiabilidade e precisión a enerxía activa en clases A, B e C, ata unha potencia de 15 kW, e enerxía reactiva en clases 2 e 3, permite adicionalmente controlar a potencia demandada e executar as ordes que lle son transmitidas confirmando a súa execución.

Deben dispor dunha implementación software que executa as funcionalidades necesarias. Accédese a el mediante un protocolo que debe establecer mecanismos adicionais de seguranza e confiabilidade.

1.3 Concentrador CT.—Elemento intermedio entre o sistema informático de xestión e control e os equipamentos de medida, que permite a xestión dun número limitado de equipamentos de medida. Dispón de comunicacións co sistema informático e cos equipamentos de medida. Habitualmente poden estar instalados en centros de transformación e actúan con funcións de telexestión entre os concentradores secundarios e os contadores, xestionando as comunicacións entre eles.

## 2. Estrutura do sistema de telexestión.

2.1 Arquitectura do sistema.—O sistema pódese estruturar nunha arquitectura xerárquica de varios niveis cos seguintes elementos:

Contadores: comunicaranse remotamente cos concentradores CT pola rede de comunicacións de distribución, fundamentalmente mediante PLC, e localmente mediante porto óptico, segundo a norma UNE EN 62056-21. Deberán cumprir coas especificacións funcionais de telexestión e de discriminación horaria establecidas. Poderán existir contadores que comuniquen por outras canles de comunicación directamente co concentrador secundario, se é o caso, ou co concentrador principal.

Concentradores CT: comunicaranse remotamente cos concentradores secundarios pola rede de acceso, utilizando distintos medios de comunicación; e cos contadores, fundamentalmente mediante PLC. A súa localización topolóxica natural é o centro de transformación.

Concentradores secundarios: comunicaranse co concentrador principal pola rede troncal.

Concentrador principal.

2.2 Sincronización horaria do sistema.—Establecese un sistema de sincronización horaria, preferentemente baseado en GPS nos niveis superiores e cunha estrutura xerarquizada de sincronización, desde os concentradores secundarios cara aos concentradores CT e contadores, mediante ordes de supervisión e posta en hora, para o cumprimento da norma UNE EN 62054-21. A cadea de sincronización garantirá a rastrexabilidade diaria dos reloxos ao patrón nacional de tempo.

2.3 Integridade e seguraza.—O sistema de telexestión deberá establecer mecanismos de control de acceso e de rexistro de eventos de accesos non autorizados, así como de confirmación de recepción de mensaxes.

3. Requisitos técnicos e especificacións funcionais do sistema.

Establécense as seguintes especificacións funcionais para o sistema de telexestión:

3.1 Lectura remota.—O sistema permitirá a lectura a través de comunicacións de, entre outros:

Medidas eléctricas: enerxía activa, reactiva e as potencias máximas segundo a discriminación horaria parametrizada (valores en curso) e as correspondentes a cerramentos de facturación.

Parametrización, activa e latente, de tarifas, calendarios e potencias contratadas.

Alarmas e eventos.

Datos de identificación do contador.

O concentrador CT realizará unha interrogación cíclica, con periodicidade parametrizable a todos os contadores que comunican con el.

Xunto con esta tarefa automática de interrogación cíclica, o sistema poderá dispor da funcionalidade de acceso puntual a un contador calquera con prioridade sobre a tarefa automática.

3.2 Sincronización remota.—En cada ciclo de lectura comprobarase a data e a hora dos contadores e sincronizaranse se for necesario.

3.3 Control remoto da potencia.—Corte e reconexión. Desde niveis superiores pódense enviar ordes de corte e reposición aos contadores.

Unha vez executada a orde de corte polo contador, este non aceptará ningunha reconexión do interruptor, nin mediante orde remota de dispositivo externo doméstico se existe, nin permitirá o encravamento ante unha actuación manual externa sobre o interruptor ou o reenanche automático, se algunhas destas funcións están dispoñibles, ata non recibir unha nova orde de reconexión do nivel superior.

A función de reconexión por orde remota deberá cumprir a normativa vixente aplicable en materia de protección e seguraza de bens e persoas.

Adicionalmente ás ordes remotas de conexión e desconexión, o elemento de corte actuará desde o punto de vista de control da demanda, como interruptor de control de potencia programable que cumprirá os requisitos que sexan de aplicación, establecidos no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e nas normas que se desenvolvan en relación co control eléctrico de potencia.

A función de ICP programable deberá cumprir, do mesmo modo, a normativa vixente aplicable en materia de protección e seguraza de bens e persoas.

3.4 Actualización dinámica das tarifas (programación remota).—Desde niveis superiores poderanse enviar ordes de modificación de parámetros aos contadores, entre outros, cambio de tarifas, potencias contratadas, tipo de contrato, cando exista a base legal e contractual para iso.

3.5 Capacidade de xestión de cargas. O sistema deberá dispor de funcionalidade que permita actuar sobre a demanda dos clientes, co obxecto de poder actuar e realizar reducións de carga en momentos críticos, cando exista a base normativa, legal e contractual para iso.

O sistema permitirá a programación remota da potencia contratada así como o control da demandada polo cliente.

3.6 Control de accesos e rexistros de intervencións. O sistema debe garantir a fiabilidade e seguraza da información contida e que circula por el.

O acceso a cada equipamento contador ou concentrador estará controlado e asegurado polo sistema de direccionamento a el e por clave de acceso definibles a nivel individual e en función dos permisos de acceso asociados.

Cada acceso a un equipamento contador ou concentrador poderá ser rexistrado coa identificación do equipamento que inicia a comunicación, a data/hora e o perfil da comunicación establecida.

O sistema recollerá a detección e rexistro de accesos non autorizados.

3.7 Rexistro de eventos.—O sistema almacenará unha serie de incidencias coa data e hora en que se produciron. O tipo de eventos almacenados deberán ser, polo menos:

Versión de software e firmware con indicación do momento da súa instalación ou modificación.

Presenza e ausencia de tensión.

Indicación de modificación de parámetros no contador ou concentrador, particularmente todos aqueles relacionados coas epígrafes 3.2 e 3.3 inmediatamente anteriores, con identificador do tipo e contía de parámetro modificado.

Alarma crítica do equipamento contador ou concentrador.

Intentos de accesos non autorizados.

3.8 Verificación das comunicacións do sistema de telexestión.—Para efectos de permitir a súa verificación, o sistema poderá elaborar estatísticas de comunicacións entre concentradores e contadores.

3.9 Información de usuario.–O usuario, en función da modalidade contractual que lle aplique, poderá dispor da seguinte información relevante ao seu consumo, entre outras:

- Consumo eléctrico total e discriminado.
- Período tarifario en curso.
- Potencia máxima demandada.
- Potencia contratada.
- Data e hora.
- Información de control de cargas, se é o caso.

Con carácter xeral, o contador presentará:

- Indicación do sentido da enerxía.
- Presenza e orde das fases.
- Estado das comunicacións.

3.10 Consideracións para verificación do contador. No equipamento poderase verificar a medida tanto activa como reactiva mediante un ou varios led de pulsos cun peso de pulso non configurable. En caso de dispor dun led única-

mente para activa e reactiva, este por defecto emitirá pulsos en activa sendo posible a configuración para emitir pulsos en reactiva, ben por comunicacións ou por teclado.

3.11 Modificacións de software e firmware.–O software e firmware instalado no equipamento forma parte integrante del e deberá superar a avaliación da conformidade a que se refire o artigo 5 desta orde. Calquera modificación ou nova versión de software deberá quedar documentada e identificada e terá que ter superada a avaliación da conformidade.

No caso de que o contador dispoña de funcións de actualización de software ou firmware de funcionamento, tanto local como remoto, deberá garantirse que estas actualizacións superaron a avaliación da conformidade e que non modifican as características metrolóxicas do contador nin as medidas e resto de rexistros almacenados ata o momento.

O responsable da medida conservará a certificación do organismo de control metrolóxico á disposición da Administración pública competente.



## ANEXO III

## Boletín de identificación de contadores eléctricos con discriminación horaria e telexestión e de mostras de lotes

Laboratorio de ensaio: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_  
Enderezo: \_\_\_\_\_ Localidade: \_\_\_\_\_

## TITULAR DO CONTADOR

I	Nome do propietario ou razón social:	
	Enderezo:	
	Localidade:	Tfno.: _____ Fax: _____

## DATOS DO CONTADOR

II	Marca:	Modelo:	Nº de serie:
	Fabricante:		
	Lugar de localización:		
	Data de instalación:		Data BOE: _____
	Nº de aprobación:	Tensión eléctrica de referencia	_____
	CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS	Intensidade de corrente ( $I_{tr}$ ):	_____
		Intensidade de corrente, se é o caso, conectado a transformador ( $I_n$ ):	_____
		Intensidade de corrente eléctrica máxima ( $I_{máx}$ ):	_____
	Data de declaración de conformidade ou asimilada:	_____	
	Data da última verificación periódica:	_____	
Placa de características(1):	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	Precintos (1): SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
Resultado dos ensaios:			

## LOTE (2)

III	Nº de identificación do lote:	_____	Observacións: _____
	Número de contadores que forman o lote:	_____	
	Situación:		
	Data de declaración de conformidade ou asimilada:		
	Data da última verificación periódica:		

## MOSTRA (2)

IV	Tamaño da mostra:	_____	Nº de serie dos contadores da mostra:
	Contadores de reserva:	_____	_____
	Situación:		
	Resultado dos ensaios:		

## AUTORIZACIÓN DE XESTIÓN

V (3)	O propietario do contador a que se refire este boletín autoriza a compañía de distribución eléctrica para os efectos das xestións relativas ao control metrolóxico de		Empresa distribuidora:
			Data: _____
	Asdo.:	DNI ou CIF:	
	Enderezo:	Localidade:	

(1) Indicar o que proceda.

(2) Para cubrir para verificación por mostraxe de lotes.

(3) Para cubrir no caso de aplicación dos puntos 5 e 3, respectivamente, dos artigos 7 e 13 desta orde, cando a propiedade do contador corresponda ao consumidor.

NOTA: En caso de presentar lotes de contadores xuntarse á solicitude en soporte informático cos datos dos contadores.

## ANEXO IV

### Procedemento de verificación periódica e de verificación despois de reparación ou modificación de contadores

1. Selección de lotes e mostras de contadores na verificación periódica.

Os contadores que non se verifiquen de forma individualizada deberán estar asignados a lotes, segundo o definido no punto 1.1 deste anexo. Os lotes serán establecidos polos distribuidores segundo o determinado no artigo 14, e deberán ser comunicados á Administración pública competente que seleccionará de forma aleatoria os números de serie dos contadores que constituirán a mostra. A Administración pública competente comunicarlle o resultado da elección da mostra ao distribuidor, co obxecto de que este, baixo a súa supervisión e control, retire os contadores de acordo coa modalidade elixida, unitaria ou por lotes, que deban ser sometidos aos ensaios a que se refire o punto 2.2.1 deste anexo ou, se é o caso, á aplicación da modalidade de verificación determinada no artigo 20 da orde.

1.1 Definición de lotes de contadores.—Un lote é un conxunto de contadores homoxéneos e agrupados, do cal se extraerá a mostra sobre a que se efectuarán os ensaios de verificación periódica. A homoxeneidade do lote virá dada polos seguintes datos, que serán comúns a todos os elementos do lote:

Propietario  
Marca.  
N.º de fases de conexión.

Ano de declaración de conformidade. En caso de que o contador fose anterior a esta regulación, ano de instalación ou, no seu defecto, de fabricación.

Tensión eléctrica de referencia.

Intensidade de corrente por riba da cal a marxe de erro se sitúa dentro do máis pequeno erro máximo permitido correspondente ao índice de clase do contador ( $I_r$ ).

Intensidade de corrente máxima ( $I_{m\acute{a}x}$ ).

Intensidade de corrente eléctrica de referencia especificada para a cal foi concibido o contador conectado a transformador ( $I_n$ ).

Admitirase a inclusión nun mesmo lote de contadores de dous anos consecutivos de data de avaliación da conformidade, se é o caso, ou de instalación inicial ou, no seu defecto, de ano de fabricación, sempre que sexan homoxéneos respecto ao resto dos datos mencionados. Neste caso, tomarase como idade de referencia do lote a que corresponda á data máis antiga.

Para o proceso de conformación dos lotes e logo de solicitude xustificada por parte do distribuidor, a Administración pública competente poderá determinar, por resolución motivada, cambios nos criterios de homoxeneidade dos lotes para os efectos da súa constitución, e establecer limitacións no número mínimo de contadores que constitúen un lote, segundo se determina no artigo 15.4 desta orde.

Unha vez definidos os lotes, o distribuidor remitiralle á Administración pública competente a seguinte información sobre estes:

a) Nome do distribuidor e dato identificativo de propiedade.

b) Datos fundamentais do contador que identifique o lote:

Marca e modelo.  
N.º de fases de conexión.  
Ano de declaración de conformidade.  
Tensión eléctrica de referencia.

Intensidade de corrente por riba da cal a marxe de erro se sitúa dentro do máis pequeno erro máximo permitido correspondente ao índice de clase do contador ( $I_r$ ).

Intensidade de corrente eléctrica máxima ( $I_{m\acute{a}x}$ ).

Intensidade de corrente eléctrica de referencia especificada para a que foi concibido o contador conectado a transformador ( $I_n$ ).

c) Datos sobre os contadores de cada lote:

Número de contadores que forman o lote.

Número de serie.

Nome do usuario e lugar de instalación (rúa, número, poboación e código postal).

Ano da última verificación periódica.

Ano de declaración de conformidade.

No suposto de que o contador sexa presentado por primeira vez á verificación periódica, deberase achegar o ano da súa avaliación de conformidade ou, se é o caso, da súa instalación inicial e, no seu defecto, do seu ano de fabricación. Se xa foi sometido a verificación periódica, presentárase o documento acreditativo da súa superación.

1.2 Elección das mostras.—Unha mostra de contadores é un subconxunto dun lote, sobre a cal se efectuarán os ensaios de verificación periódica.

Para a elección das mostras aplicarase a vixente norma UNE 66020-1 ou norma que a substitúa, para o cal se utilizarán as seguintes especificacións:

Mostraxe: dobre.

Nivel xeral de inspección: II.

Nivel de calidade aceptable: 2,5.

Inspección reducida.

Pola súa vez elixírase con cada mostra un número de contadores de reserva equivalente ao enteiro máis próximo ao 25 por cento do número de contadores que forman a mostra.

Para un lote dado, os contadores que compoñan unha mostra serán elixidos ao azar. Por petición debidamente xustificada do distribuidor, e se os contadores de reserva fosen insuficientes, extraeranse contadores de reserva adicionais.

1.3 Comunicación da elección da mostra.—A Administración pública competente efectuará a elección de dúas mostras, 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup>, por cada lote, e comunicarlle o resultado ao distribuidor, con indicación dos números de serie de fabricación dos contadores seleccionados, así como os datos identificativos do servizo ou organismo oficialmente autorizado que deba realizar os ensaios.

A Administración pública competente seleccionará de forma aleatoria os números de serie dos contadores que constituirán a mostra. Esta comunicarlle o resultado da elección da mostra ao responsable do lote, co obxecto de que este, baixo a supervisión e control da Administración competente ou organismo autorizado, retire os contadores do lote que deban ser sometidos aos ensaios a que se refire o punto 2.2.1 deste anexo, ou ben se aplique a verificación no seu lugar de instalación, segundo o artigo 20 da orde.

2. Procedemento da verificación periódica.

A fase de verificación periódica de contadores, tanto para a modalidade unitaria como por lotes, deberá superar os exames administrativo e metrolóxico, de acordo co especificado neste anexo.

2.1 Exame administrativo.—O exame administrativo consistirá na identificación completa do contador, xa sexa realizada de forma unitaria ou por lote, en canto a que reúne os requisitos exixidos para estar legalmente en servizo. Este exame será realizado tomando como base a información contida no boletín de identificación establecido no anexo III.

Se a Administración pública competente ou o organismo de verificación metrolóxica autorizado comprobán a

existencia de anomalías ou carencias nos datos referidos, notificarallo ao solicitante para que este as emende no prazo que se estableza. Non obstante, a existencia de anomalías ou carencias nos citados datos non interromperá a realización da fase de verificación periódica, aínda que poderá determinar a realización de actuacións inspectoras. Pola súa vez, se estas deficiencias administrativas non se emendan no prazo outorgado pola Administración pública competente, aínda que o exame metrolóxico sexa favorable, a verificación do contador darase por non superada.

**2.2 Exame metrolóxico.**—Antes de comezar os ensaios, os contadores e dispositivos e sistemas, tanto para a modalidade unitaria como por lotes, serán inspeccionados co fin de eliminar aqueles que presenten evidencias de manipulación ou que teñan danos mecánicos ou eléctricos importantes ou que se poidan considerar avariados. Serán tamén eliminados os contadores cuxo sistema de medida sexa accesible por estar danado o seu precinto.

Os contadores e dispositivos ou sistemas rexeitados por algunha das causas anteriores, no caso dos lotes, serán substituídos por contadores de reserva, e non se computarán como contadores defectuosos para efectos da aceptación ou rexeitamento do lote, de acordo co establecido no punto 2.2.3; desta incidencia serán informados a Administración pública competente e o propietario do contador para os efectos oportunos.

**2.2.1 Ensaio.**—Os ensaios de verificación periódica, tanto para a modalidade unitaria como por lotes, salvo que se realice en aplicación do artigo 20 da orde, realízanse nas condicións de referencia establecidas na norma española UNE EN ou IEC de aplicación.

**2.2.1.1 Ensaio de verificación periódica en contadores estáticos para a medida de enerxía activa ata 15 kW.** Os ensaios de exactitude deberanse efectuar para a tensión eléctrica de referencia e nos valores de intensidade de corrente eléctrica e de factor de potencia indicados na táboa I seguinte:

Táboa I. Ensaio enerxía activ

Intensidade	Factor de potencia	Contadores	Carga dos contadores polifásicos
$0,5 I_{tr}$	1	Monofásicos e polifásicos.	Equilibrada.
$I_{tr}$	1	Monofásicos e polifásicos.	Equilibrada.
$I_{máx}$	1	Monofásicos e polifásicos.	Equilibrada.

Táboa III. Erros máximos permitidos en verificación periódica para a medida de enerxía activa

Clase	Temperaturas de funcionamento			Temperaturas de funcionamento			Temperaturas de funcionamento		
	+5 °C ... +30 °C			-10 °C ... +5 °C ou +30 °C ... +40 °C			-25 °C ... -10 °C ou +40 °C ... +55 °C		
	A	B	C	A	B	C	A	B	C
$e_{0,5 I_{tr}}$	± 4 %	± 2 %	± 1,3 %	± 5,5 %	± 2,5 %	± 1,6 %	± 7,5 %	± 3,5 %	± 2 %
$e_{I_{tr}}$	± 4 %	± 2 %	± 1 %	± 5 %	± 2,5 %	± 1,3 %	± 7,5 %	± 3,5 %	± 1,6 %
$e_{I_{máx}}$	± 4 %	± 2 %	± 1 %	± 5 %	± 2,5 %	± 1,3 %	± 7,5 %	± 3,5 %	± 1,6 %

Cando o resultado das probas realizadas ao contador supere os valores establecidos na táboa III, deberase considerar que non superou a verificación periódica.

No suposto de que no ensaio realizado ao contador se superen, en sentido negativo, calquera dos valores negativos establecidos, posibilitarase o distribuidor para que sexa este o que decida se este contador se contabiliza como defectuoso ou non, á hora de determinar a aceptación do lote.

**2.2.1.2 Ensaio de verificación periódica en contadores estáticos para a medida de enerxía reactiva.** Os ensaios de exactitude deberanse efectuar para a tensión eléctrica de referencia e nos valores de intensidade de corrente eléctrica e de factor de potencia indicados na táboa II seguinte:

Táboa II. Ensaio enerxía reactiva

Intensidade	sen φ	Contadores	Carga dos contadores polifásicos
$0,1 I_b / 0,1 I_n$	1	Monofásicos e polifásicos.	Equilibrada.
$0,5 I_b / 0,5 I_n$	1	Monofásicos e polifásicos.	Equilibrada.
$0,5 I_{máx}$	1	Monofásicos e polifásicos.	Equilibrada.

**2.2.1.3 Verificacións.**—Deberase comprobar e verificar que o contador, xunto cos seus dispositivos asociados nun sistema de telexestión e de discriminación horaria, manteñen os requisitos metrolóxicos e técnicos establecidos nos anexos I C e II desta orde.

**2.2.2 Criterio de aceptación ou rexeitamento sobre un contador xunto cos seus dispositivos asociados, tanto para a modalidade unitaria como por lotes: erros máximos permitidos.**

**2.2.2.1 Erros máximos permitidos en verificación periódica para a medida de enerxía activa ata 15 kW.**

$e_{0,5 I_{tr}}$ : erro intrínseco medido no ensaio, sen magnitudes de influencia aplicadas, con intensidade de corrente  $0,5 I_{tr}$ .

$e_{I_{tr}}$ : erro intrínseco medido no ensaio, sen magnitudes de influencia aplicadas, con intensidade de corrente eléctrica  $I_{tr}$ .

$e_{I_{máx}}$ : erro intrínseco medido no ensaio, sen magnitudes de influencia aplicadas, con intensidade de corrente eléctrica  $I_{máx}$ .

Un contador resultará aceptado se cumpre os erros máximos permitidos establecidos na táboa III seguinte, en función da temperatura ambiente na cal se realice o ensaio, sen aplicar ningunha magnitude de influencia:

**2.2.2.2 Erros máximos permitidos en verificación periódica para a medida de enerxía reactiva.**

En conexión directa:

$e_{0,1 I_b}$ : erro medido no ensaio con intensidade de corrente eléctrica  $0,1 I_b$ .

$e_{0,5 I_b}$ : erro medido no ensaio con intensidade de corrente eléctrica  $0,5 I_b$ .

$e_{0,5 I_{máx}}$ : erro medido no ensaio con intensidade de corrente eléctrica  $0,5 I_{máx}$ .

En conexión a transformador:

$e_{0,1} I_n$ : erro medido no ensaio con intensidade de corrente eléctrica  $0,1 I_n$ .

$e_{0,5} I_n$ : erro medido no ensaio con intensidade de corrente eléctrica  $0,5 I_n$ .

$e_{0,5} I_{m\acute{a}x}$ : erro medido no ensaio con intensidade de corrente eléctrica  $0,5 I_{m\acute{a}x}$ .

Un contador resultará aceptado se cumpre os erros máximos permitidos establecidos na táboa IV seguinte

Táboa IV. Erros máximos permitidos en verificación periódica para medida enerxía reactiva

Intensidade	sen $\varphi$	Contadores	Erro clase 2	Erro clase 3
$0,1 I_b / 0,1 I_n$	1	Monofásicos e polifásicos.	$\pm 4 \%$	$\pm 5 \%$
$0,5 I_b / 0,5 I_n$	1	Monofásicos e polifásicos.	$\pm 4 \%$	$\pm 5 \%$
$0,5 I_{m\acute{a}x}$	1	Monofásicos e polifásicos.	$\pm 4 \%$	$\pm 5 \%$

Cando o resultado das probas realizadas ao contador supere os valores establecidos na táboa IV, deberase considerar que non superou a verificación periódica.

2.2.2.3 Verificacións.—Se o contador, xunto aos seus dispositivos asociados nun sistema de telexestión e de discriminación horaria, non pasa as comprobacións e verificacións establecidas no punto 2.2.1.3, deberase considerar que non superou a verificación periódica.

2.2.3 Aceptación ou rexeitamento do lote de contadores.—As mostras de contadores serán elixidas conforme se indica no punto 1.2 deste anexo.

A aceptación ou rexeitamento do lote virá determinada de acordo coa norma UNE 66020-1, nas condicións de mostraxe indicadas no punto 1.2 deste anexo.

2.2.4 Comunicación dos resultados.—Os resultados seranlle comunicados á Administración pública competente polo servizo ou organismo verificador oficialmente autorizado, nun prazo máximo de 30 días contados desde a finalización dos ensaios, facendo constar os seguintes datos:

Identificación unitaria do contador e, se é o caso, lote a que pertence a mostra ensaiada.

Resultados dos ensaios, con indicación individual para cada contador dos valores dos erros encontrados.

Motivos xustificados da posible incorporación de contadores de reserva na mostra ensaiada.

Resultados totais, de conformidade co punto 2.2.3 deste anexo.

Relación de contadores que presentaron evidencias de manipulación ou que teñan danos mecánicos ou eléctricos importantes e que non se contabilizaron para efectos de rexeitamento do lote.

Servizo ou organismo verificador que efectuou os ensaios.

Unha vez que se coñezan os resultados da verificación, a empresa distribuidora incluírá, na primeira facturación de todos os consumidores cuxos contadores compoñían o lote, unha nota informativa co resultado da verificación e as accións que se tomarán co contador.

3. Verificación periódica: accións sobre contadores tanto para a modalidade unitaria como por lotes.

3.1 O resultado negativo nos referidos ensaios suporá a retirada da rede e a situación do ou dos contadores rexeitados na modalidade de unitaria ou da totalidade do lote de referencia representado pola mostra na modalidade por lotes, antes de que finalice o prazo de validez en curso.

3.2 Os contadores retirados da rede por non superaren os ensaios regulamentarios, na modalidade unitaria ou por mostraxe de lotes, poderán ser reutilizados tras a súa reparación se a antigüidade da súa data de declaración de conformidade ou de instalación inicial ou, no seu defecto, de fabricación, é inferior a vinte anos. En caso

contrario, os contadores rexeitados deberán ser destruídos.

3.3 Os contadores que non superaron a verificación ou son defectuosos, pero que pertencen a unha mostra ensaiada dun lote que si superou a verificación periódica, poderán ser reutilizados tras a súa reparación e superación da verificación despois de reparación ou modificación, se a antigüidade da súa data de declaración de conformidade ou de instalación inicial ou, no seu defecto, de fabricación, é inferior a vinte anos. En caso contrario, os contadores rexeitados deberán ser destruídos.

4. Verificación despois de reparación ou modificación.

Neste punto determínase a modalidade das verificacións despois de reparación ou modificación que se realizará sobre os contadores que sirvan de base para a facturación de enerxía eléctrica, co fin de garantir a calidade e fiabilidade da medición ao longo da súa vida útil, en defensa dos intereses económicos tanto dos consumidores como dos distribuidores.

4.1 Ensaos de verificación despois de reparación ou modificación.—Os ensaios que se realizarán na verificación despois de reparación ou modificación serán os de exactitude e de aptitude establecidos e definidos nos puntos 3 e 5 do anexo VII do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo e, no caso de enerxía reactiva, no punto 8.1 da norma UNE EN 62053-23. Así mesmo, efectuarase a comprobación e verificación de que se manteñen os requisitos metrolóxicos e técnicos establecidos no anexo I C e no anexo II desta orde.

4.2 Erros máximos permitidos.—Os erros máximos permitidos na verificación despois de reparación ou modificación serán os que se establecen nos puntos 3 e 5 do anexo VII do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo e, no caso de enerxía reactiva, no punto 8.1 da norma UNE EN 62053-23. Así mesmo, comprobarase e verificarase que se manteñen os requisitos metrolóxicos e técnicos establecidos nos anexos I C e II desta orde.

## ANEXOV

### Requisitos para a inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico das persoas ou entidades que pretendan reparar contadores

As persoas ou entidades que se propoñan reparar ou modificar os contadores a que se refire esta orde deberán inscribirse como reparadores autorizados no Rexistro de Control Metrolóxico, segundo o disposto no capítulo V do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

A inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico requirirá, por parte do solicitante, o cumprimento dos requisitos administrativos e técnicos que se especifican a continuación.

1. Requisitos administrativos.

As persoas ou entidades que soliciten a súa inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico como reparadores autorizados de contadores deberán cumprir os requisitos administrativos exixidos polo Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

## 2. Requisitos técnicos.

Ademais do cumprimento dos citados requisitos administrativos, será tamén indispensable para a inscrición que o reparador dispoña dos recursos técnicos e humanos necesarios para poder realizar o seu traballo. Así mesmo, e co fin de que poida efectuar o contraste do instrumento unha vez reparado e garantir a bondade da reparación, deberá cumprir os seguintes requisitos técnicos:

2.1 Os patróns de referencia, así como os instrumentos de medida establecidos no punto 2.3 deste anexo, utilizados polos reparadores autorizados de contadores, deberán estar rastrexados a patróns nacionais.

2.2 Os patróns, equipamentos de medida e demais medios utilizados para os ensaios serán tales que a incerteza da medida non supere os valores establecidos nas seguintes táboas V e VI.

Táboa V. Incerteza da medida para enerxía activa

Clase do contador			Factor de potencia
A	B	C	
0,5 %	0,25 %	0,15 %	1
0,6 %	0,4 %	0,3 %	0,5 indutivo

Táboa VI. Incerteza da medida para enerxía reactiva

Clase do contador porcentaxe		sen φ
2	3	
0,5 %	0,7 %	1
1 %	1,4 %	sen φ # 1

En calquera caso, o equipamento de ensaio para contadores deberá cumprir as prescricións xerais establecidas na norma española UNE EN ou IEC de aplicación e os ensaios realizaranse nas condicións de referencia establecidas na norma UNE EN ou IEC de aplicación.

2.3 Co fin de controlar as condicións ambientais de referencia establecidas, durante a realización dos ensaios deberase dispor, polo menos, dos seguintes instrumentos de medida:

Un termómetro cuxa resolución sexa de 0,1 °C ou mellor, no intervalo de temperatura comprendido entre 15 °C e 30 °C, cunha incerteza de medida de 0,2 °C.

Un higrómetro cuxo campo de medida estea comprendido entre o 20 por 100 e o 80 por 100 de humidade relativa, cunha incerteza de medida do 5 por 100.

2.4 O equipamento de verificación de contadores constará, polo menos, dos seguintes instrumentos:

Unha regreta para conexión de contadores.

Unha fonte de alimentación estabilizada.

Un dispositivo de regulación da tensión eléctrica.

Un dispositivo de regulación da intensidade de corrente eléctrica.

Un desfasador.

Aparellos indicadores.

Ademais, deberase dispor de todos aqueles medios necesarios para verificar que o contador xunto cos seus dispositivos asociados, nun sistema de telexestión e de discriminación horaria, mantén os requisitos metrolóxicos e técnicos establecidos nos anexos I C e II desta orde.

# XEFATURA DO ESTADO

**18243** LEI 25/2007, do 18 de outubro, de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións. («BOE» 251, do 19-10-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

## PREÁMBULO

I

A aplicación das novas tecnoloxías desenvolvidas no marco da sociedade da información supuxo a superación das formas tradicionais de comunicación, mediante unha expansión dos contidos transmitidos, que abranguen non soamente a voz senón tamén datos en soportes e formatos diversos. Pola súa vez, esta extraordinaria expansión en cantidade e calidade veu acompañada dun descenso nos custos, facendo que este tipo de comunicacións se atope ao alcance de calquera persoa e en calquera recanto do mundo.

A natureza neutra dos avances tecnolóxicos en telefonía e comunicacións electrónicas non impide que o seu uso se poida derivar cara á consecución de fins indesexados, cando non delituosos.

Precisamente no marco deste último obxectivo se encadra a Directiva 2006/24/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo, sobre a conservación de datos xerados ou tratados en relación coa prestación de servizos de comunicacións electrónicas de acceso público ou de redes públicas de comunicacións, e pola que se modifica a Directiva 2002/58/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xullo, cuxa transposición ao noso ordenamento xurídico é o obxectivo principal desta lei.

O obxecto desta directiva é establecer a obriga dos operadores de telecomunicacións de reteren determinados datos xerados ou tratados por estes, co fin de posibilitar que dispoñan deles os axentes facultados. Enténdese por axentes facultados os membros dos corpos policiais autorizados para iso no marco dunha investigación criminal pola comisión dun delito, o persoal do Centro Nacional de Intelixencia para levar a cabo unha investigación de seguranza amparada na Lei 11/2002, do 6 de maio, reguladora do Centro Nacional de Intelixencia, e na Lei orgánica 2/2002, do 6 de maio, reguladora do control xudicial previo do Centro Nacional de Intelixencia, así como os funcionarios da Dirección Adxunta de Vixilancia Aduaneira, no desenvolvemento das súas competencias como policía xudicial, de acordo co punto 1 do artigo 283 da Lei de axuízamento criminal. Trátase, pois, de que todos estes poidan obter os datos relativos ás comunicacións que, relacionadas cunha investigación, se puidesen efectuar por medio da telefonía fixa ou móbil, así como pola internet. O establecemento desas obrigas, xustificadas para protexer a seguranza pública, efectúase buscando o imprescindible equilibrio co respecto dos dereitos individuais que poidan verse afectados, como son os relativos á privacidade e á intimidade das comunicacións.

Neste sentido, a lei é respectuosa cos pronunciamentos que, en relación co dereito ao segredo das comunicacións, veu emitindo o Tribunal Constitucional, respecto que, especialmente, se articula a través de dúas garantías: